

## VIVENDA

### A. AXUDAS

#### **1. RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN**

##### **¿En qué consiste?**

Se tes entre 22 e 30 anos poderás recibir 210 euros mensuais para o pagamento do aluguer da túa vivenda habitual durante un máximo de catro anos e 600 euros de préstamo que se poden utilizar para a fianza. Ao finalizar o contrato de aluguer ou cando deixes de recibir a renda de emancipación, deberás devolver esta cantidade. Se precisas aval, 120 euros para os gastos da súa tramitación.

##### **¿Que condicións debes que cumprir?**

Ter entre 22 e 30 anos. Dispoñer dunha fonte regular de ingresos que non superen os 22.000 euros brutos anuais. Isto inclúe aos/ás traballadores/as por conta propia ou allea, ás/aos bolseiras/os de investigación e aos/ás perceptores/as de prestación de desemprego ou dunha pensión por incapacidade. Se os teus ingresos mensuais non superan os 1.500 euros netos, poderás acollerte á axuda. Tamén deberás acreditar unha vida laboral de polo menos 6 meses de antigüidade, inmediatamente anterior ao momento da solicitude, ou unha duración prevista da fonte de ingresos de polo menos 6 meses contados desde o día da súa solicitude. Se estiveches traballando durante os últimos 6 meses a comprobación realizarase directamente coa Seguridade Social, ou se nos próximos 6 vas a estar traballando e recibindo ingresos de forma regular, deberás aportar o contrato. O outro requisito é ser titular do contrato de aluguer, que debe estar ao teu nome ou ser un/ha dos/as asinantes, Os estranxeiros non comunitarios deben contar coa residencia legal permanente no territorio nacional.

##### **¿Cales son as características da prestación?**

A duración é de 4 anos, sexan ou non consecutivos. Isto quere dicir que podes fraccionar a duración da prestación, así se aos tres anos deixas de recibir a renda de emancipación, cando volvas a necesitala, se aínda cumpres os requisitos, podes volver a solicitar a prestación polo ano restante. Só haberá unha prestación por vivenda habitual alugada. Beneficiaranse tamén as/os que xa estean de aluguer. No caso de que haxa máis dun/ha asinante do contrato, as contías das axudas a cada un/ha dos/as que teñan dereito ás mesmas serán o resultado de dividir as cantidades da axuda polo número total de titulares.

A persoa receptora non pode ser propietaria dunha vivenda. O préstamo e o custe do aval só poderán ser percibidos unha única vez. Concederanse só para contratos de aluguer novos. O pago da prestación de 210 euros realizarase cada mes, despois de comprobar que a persoa inquilina realizou a transferencia da renda mensual á persoa propietaria. Non se aceptarán contratos de aluguer entre familiares próximos (1º ou 2º grado de consanguinidade ou afinidade). Se se modificara algunha das circunstancias, a persoa beneficiaria deberá de comunicalo de inmediato ao órgano que lle recoñeceu o dereito á axuda, para que resolva o que proceda e o comunique ao Ministerio de Vivenda.

##### **¿Cando entra en vigor?**

A prestación entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2008, polo tanto pódese presentar a solicitude desde esa data. Infórmate máis polo miúdo na Consellería de Vivenda e solo. A renda de emancipación será percibida por meses completos, e terás dereito a recibila desde o mes seguinte ao da súa solicitude.

### **¿Cales son os pasos necesarios para obter a prestación?**

Tes que presentar a solicitude ante a Consellería de Vivenda e Solo, que comprobará que se cumpren todos os requisitos para percibir a renda de emancipación e o comunicará no prazo máximo de dous meses.

Coa resolución outorgada pola Consellería, deberás dirixirte á entidade bancaria colaboradora para solicitar o pagamento. Despois de comprobar que realizaches a transferencia do pago do aluguer mensual á persoa propietaria, o Ministerio ingresará na túa conta bancaria o importe da prestación. Se aínda non tes contrato de aluguer, poderás solicitar o recoñecemento provisional do dereito á renda. Neste caso, terás 3 meses desde o recoñecemento do dereito para buscar casa e presentar unha nova solicitude aportando o contrato de aluguer. A Consellería de Vivenda comprobará os datos e comunicará o recoñecemento definitivo do dereito á renda. Inmediatamente, o Ministerio ingresará a axuda na túa conta bancaria, desde o mes en que se presente o contrato de aluguer.

### **¿Que documentación tes que presentar para obter a prestación?**

Basta con presentar o impreso de solicitude no que figuran os datos persoais necesarios para comprobar que se cumpren todos os requisitos como, a idade, o número da Seguridade Social, a referencia catastral da vivenda, o número de conta,... Así como unha copia do contrato de aluguer. Nalgún caso deberás presentar outra documentación que demostre que cumpres algún requisito esixido.

### **¿É compatible esta prestación con outras axudas?**

A renda de emancipación é compatible coa dedución fiscal a favor do/a inquilino/a, actualmente en tramitación nas Cortes. A partir da declaración da renda de 2008 (que se presenta en 2009) poderase deducir o 10,05% do que pagues polo aluguer da túa vivenda, até un máximo determinado, sempre que teñas uns ingresos anuais por debaixo dos 24.000 euros netos.

A renda de emancipación non é compatible coas axudas á/ao inquilina/o vixentes do Plan Estatal de Vivenda.

Descarga:

Orde Renda Básica (DOG)

Formulario

<http://igvs.xunta.es/>